

Queridos alumn@s e queridas familias:

Chéganos ao final do trimestre do mesmo xeito que nos chegou o confinamento, de súpeto e con incerteza . O noso maior desexo é que todas as familias que compoñen esta nosa Comunidade educativa do Igrexa esteades ben. E aquelas que se viran afectadas se recuperen o máis rápido posible.

Nada é normal, pero agora o primordial nas nosas vidas é a nosa saúde, todo o demais ten doada solución e é recuperable, cando se poida.

Como dicía, nada é normal nestas últimas semanas: casa-escola, papás-profes, un trimestre avaliado a medias, unhas notas que nos chegan sen explicación individual, nin tan sequera a entrega de Boletíns de cualificacións.

E nesta situación excepcional non podemos rematar o 2º trimestre sen facervos unha homenaxe a vós: alumnado e familias, que estades aí traballando arreo para que isto saia adiante.

Porque vos adaptastes sen opción a esta nova situación, que nos pillou a todos, por sorpresa. Porque os vosos fillos están aprendendo unha lección de vida que nunca lla explicariamos ningún profe na escola.

Moitas grazas pola vosa colaboración.

O profesorado seguirá traballando para que todo isto saia adiante da mellor maneira posible.

Para vós é esta simbólica condecoración, en recoñecemento pola vosa entrega e implicación.

Alumn@s e familias, o voso traballo é esencial.

**“VÓS TAMÉN SODES OS NOSOS HEROES”**

O Claustro de profesores

